

DULCE M^a GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICO que o Consello de Goberno na sesión ordinaria do día 30 de abril de 2025 aprobou o mantemento da vixencia do III Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da USC, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V^o e praxe do sr. reitor.

V^o e praxe

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

PROPOSTA DE CONTINUIDADE DA VIXENCIA DO III PLAN ESTRATÉXICO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DA USC

O III Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da USC estivo vixente ata o mes de decembro do pasado ano 2024. Tendo en conta que a USC está en pleno proceso de renovación dos seus Estatutos nos que se determinará como van a estruturarse as unidades básicas da USC e, entre elas, a oficina de igualdade de xénero e, mais en concreto, se esta unidade se vai manter como ata agora ou se vai engadir a diversidade, considérase que o mais acaído é manter a vixencia do plan estratéxico actual.

No momento en que estes extremos estean definidos nos novos Estatutos, a USC xa estará en posición de aprobar o que sería o seu IV Plan estratéxico de igualdade de oportunidades.

Neste sentido, a Comisión de implantación e seguimento do Plan estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes acordou propoñer a prórroga do III Plan, en xuntanza ordinaria celebrada o 8 de abril de 2025, na que tamén se abordou o diagnóstico do cumprimento de seus obxectivos e accións nos anos 2023 e 2024.

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 08/05/2025 14:35:52.

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 07/05/2025 12:11:24.

CSV: 5D04-00B1-4193-977D